

**Acta núm. 09/2025.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 3 de xuño de 2025.**

**ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Sandy Marie Cebral Gómez.  
José Antonio Vidal González.  
María Rosa Romero Fariña.  
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 3 de xuño de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2025, DO 13/05/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 4º) RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.
- 5º) RENUNCIA A LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- FORA DA ORDE DO DÍA:
  1. APROBACIÓN DA PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN REFERENTE AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO: PROXECTO DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED NO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2025, DO 13/05/2025.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 13.05.2025, acta núm. 08/2025.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS MARIO CORRALES ALVARAN, na que comunica que vai instalar un novo prato de ducha no baño da vivenda sita en Gundín nº 6 – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 5341402NH2454S0001FJ) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pilar Encarnación Branco Illodo, que di actuar en representación do HOTEL BALNEARIO DO TREMO S.L., na que comunica que vai limpar ás fachadas laterais e posterior do Hotel Balneario do Tremo, e aplicar líquido impermeabilizante sobre a parte das mesmas acabadas en granito.

A edificación (referencia catastral 7649413NH2474N0001DJ) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza do PXOM (UC3) e a normativa do Plan Especial do Balneario do Temo (A.D. 31.03.1997), e sitúase dentro da zona de afección dun ben de interese cultural integrado no catálogo do PXOM, Capela de Nosa Señora de Guadalupe (clave AR2), e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 123,52 euros.

Total: 123,52 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JOSÉ JAVIER LÓPEZ CRENDE, na que comunica que vai facer un peche na fronte dunha parcela, en contacto con vial público e separado a 4 m. do eixo do mesmo, no lugar de Sabaxáns nº 88 – Bastavales. O peche terá unha lonxitude 15 metros lineais e executarase con base de sillería pétreo (2 “fiadas”), columnas de pedra intercaladas (5), e coroadas con lamas de aluminio por enriba, ata unha altura total de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 15013B503735970000MS) onde van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche non superará a altura total de 1,80 metros, columnas incluídas.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,37 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ELECTO CANOSA PEREIRA, na que comunica que vai limpar os canalóns e parte do tellado da vivenda sita no Paseo de Pedrouzos nº 42 -Brión.

A edificación (referencia catastral 6357807NH2465N0012MG) na que se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jorge Tuñas Fuentes que di actuar en representación de CONSTRUCCIONES TUÑAS, S.L., na que comunica que vai executar obras no lugar de Pazos nº 4 - Ons, consistentes en substituír a tella vella da cuberta da vivenda (superficie aproximada de 150 m<sup>2</sup>) por outra nova de similares características e cubrir con tella cerámica a cobertura actual dun alpendre anexo á vivenda (40 m<sup>2</sup>).

A parcela onde se pretenden executar as obras conta con dúas clasificacións; a zona da parcela onde se asentan as edificacións obxecto da intervención (referencia catastral 15013C502004770001KX) clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (ordenanza nº 9) e o resto da parcela (referencia catastral 1590503NH2419S0001FJ) clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, e sitúase na aldea de Pazos que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: OE2 e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O acabado das cubertas ten que ser en tella cerámica curva.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 144,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 208,57 euros.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ARUFE PÉREZ, na que comunica que vai reparar un tramo (20 ml) dun peche existente no lugar de Cabanas – Os Ánxeles. As obras a realizar consisten en substituír o arame da parte superior do peche e pintar a base de fábrica de bloques.

A parcela (referencia catastral 5337309NH2453N0001XG) onde se van executar as obras asentase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, e dentro da área non consolidada pola edificación da zona leste, sendo de aplicación a ordenanza nº 8.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberase de manter a estrutura actual do peche.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,20 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 77,77 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JENNIFER MIRAZO RUIBAL, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre de 46,63 m<sup>2</sup>, anexo á vivenda de Chave de Carballo nº 10 -Bastavales, mantendo o mesmo volume, altura e pendente. As obras de reforma consisten en substituír a estrutura de madeira actual por outra nova do mesmo material, e cubrir por enriba con pranchas de fibrocemento e tella.

A parcela (referencia catastral 9119201NH2491N0001MB) onde se pretenden executar as obras, sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste ordenanza nº 8, e atópase dentro da zona de afección do río Sar, e na contorna dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, “Cruceiro de Chave de Carballo”, identificado coa clave: XBC5, e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 22.05.2025 (clave DH.W15.108818), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 41,99 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 106,56 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCOS PEREIRA LÓPEZ, na que comunica que vai instalar unha piscina modular sen obra na Avda. dos Ánxeles nº 3 - Os Ánxeles. A piscina ten unhas dimensións de 5 m. de longo x 3 m. de ancho e situarase na parte traseira da parcela, apoiada directamente sobre a superficie da mesma.

A parcela (referencia catastral 6550182NH2465N0001JG) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 (Plan Especial do paseo de Pedrouzos. A.D.: 26.09.1999).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A piscina afastarase mínimo a 3 m. de tódolos lindeiros particulares.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,57 euros.

**i)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRO MAYO BARREIRO, na que comunica que vai cambiar as ventás da vivenda sita na Urbanización Monte Balado 12, Os Ánxeles, por outras novas de PVC en cor branca.

A edificación na que se van executar as obras emprazase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 161,38 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 225,95 euros.

**j)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCIAL GONDAR PORTASANY, na que comunica que vai arranxar a cuberta da vivenda de Souto nº 10 – Os Ánxeles, substituíndo

os vidros dos lucernarios e as tellas vellas por outras novas das mesmas características (tella cerámica).

A vivenda (referencia catastral 5835301NH2453N0001GG) na que se van executar as obras está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 187,80 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 252,37 euros.

**k)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMALIA BLANCO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai executar obras de mellora na vivenda de Trasouteiro nº 11 – Brión, consistentes en:

- Substituír a cobertura de tella cerámica curva da vivenda.
- Revestir a fachada con capa illante e acabado de morteiro (sistema “sate”) pintado en tons claros.
- Substituír a carpintería exterior da vivenda (ventás), incorporando unha nova carpintería de PVC.

A edificación (referencia catastral 5166305NH2456N0001PB) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e atopase dentro da zona de afección dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 28.08.2024 (clave DH.W15.103136), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 504,19 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 568,76 euros.

**TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Fariña García, que di actuar en representación de FORRAJES CONDOMIÑAS S.C., na que solicita licenza para a ampliación de corte e instalacións complementarias á explotación gandeira existente, no lugar de A Telleira - Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Adrián Villar Ramos, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 17 de marzo 2025 e documentación complementaria visada con data 6 de maio 2025 (nº. 20250218).

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral nº 15013A050004220000UK) está situada en solo clasificado polo PXOM como rústico, segundo o disposto na Lei 2/2016, do solo de Galicia, en base a súa disposición transitoria primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. O interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade da parcela catastral (41.592 m<sup>2</sup>) á construción (3.976,50 m<sup>2</sup>) e ao uso autorizado (explotación gandeira), segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Adrián Villar Ramos, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 17 de marzo 2025 e documentación complementaria visada con data 6 de maio 2025 (nº. 20250218).

-. Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, para o que haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso,

na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a ampliación da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.262,53 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 654,69 euros.

Total: 3.917,22 euros.

**b) Deuse conta dunha instancia presentada por Héctor González Castro, que di actuar en representación de ALBERTO VIAÑO MOURE, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina en Outeiro 48 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado polo arquitecto Héctor González Castro con data maio de 2025.**

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7841401NH2474S0001FW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e sitúase na zona de policía do rego Sanín.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 24.04.2025 (clave DH.W15.107916) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

**-. Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficios de dirección de obra, dirección de execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde).**

**Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.**

**Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.**

**Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.**

-. A obra axustarase estritamente ao antedito proxecto asinado polo arquitecto Héctor González Castro con data maio de 2025 e as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 24.04.2025 (clave DH.W15.107916).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (55,03m<sup>2</sup> asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a



canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 55,03m<sup>2</sup>, destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 19 de maio de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.500,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.596,06 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de ROSA MARÍA GARCÍA CARBIA e LUIS SUMAY VIDAL, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e pérgola, en Guitiande 73 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data maio de 2025.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7248802NH2474N0001UJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

**-. Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficios de dirección de obra, dirección de execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde).**

**Coa devandita comunicación previa achegarse, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinala que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.**

**Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.**

**Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.**

**-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data maio de 2025.**

**-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento ( 94m<sup>2</sup> asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formación de beirarrúa de 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.**

**-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.**

**-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.**

**-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están**

obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 94 m<sup>2</sup>, destinados a regularización do viario, previsto no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 2 de xuño de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.197,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 134,65 euros.

Total: 2.332,49 euros.

#### **CUARTO.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**

a) Visto o expediente que se está a tramitar para a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por SANTIAGO ROMERO CES, para executar unha “instalación híbrida eólica - fotovoltaica para autoconsumo”: (4,54 Kw + 5,46 Kw = 10 Kw), a partir da instalación fotovoltaica (coplanaria) existente na edificación auxiliar emprazada na traseira dunha parcela sita no lugar de Xinzo nº 31 – Bastavales, segundo a memoria técnica asinada con data 07.03.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Juan Luis García Menéndez, e resultando que o

interesado non presentou alegacións no prazo de audiencia, e visto o informe emitido polo arquitecto municipal do 12.05.2025, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a ineficacia da comunicación previa para executar unha “instalación híbrida eólica - fotovoltaica para autoconsumo”: (4,54 Kw + 5,46 Kw = 10 Kw), a partir da instalación fotovoltaica (coplanaria) existente na edificación auxiliar emprazada na traseira dunha parcela sita no lugar de Xinzo nº 31 – Bastavales, segundo a memoria técnica asinada con data 07.03.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Juan Luis García Menéndez, por non cumprir os requisitos esixidos na lexislación urbanística vixente para constituír título habilitante para a execución de ditas obras.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

#### **QUINTO .- RENUNCIA A LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ CASALDOEIRO ABEIJÓN, na que comunica ao concello a renuncia á licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local con data 17.12.2024, para segregar unha parcela sita no lugar de Ardións – A Luaña, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto Fernando Martínez López, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.11.2024 (expte. 2405284) e solicita a devolución das taxas liquidadas derivadas do expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 17.12.2024, para segregar unha parcela sita no lugar de Ardións – A Luaña, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto Fernando Martínez López, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.11.2024 (expte. 2405284).

2º) Manter a liquidación aprobada das taxas de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 322,85 euros.

3º) Notificar o presente acordo ó interesado.

#### **FORA DA ORDE DO DÍA:**

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

#### **1. APROBACIÓN DA PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN REFERENTE AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO: PROXECTO DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED NO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.**

Dada conta do expediente tramitado para a contratación da execución da obra referenciada, cuxo anuncio de licitación foi publicado no perfil de contratante do concello, que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 13.05.2025.

Dada conta da proposta da Mesa de Contratación Permanente do concello contida na acta do 02/03.06.2025, que transcrita di:

“” En Brión a 2 de xuño de 2025, sendo as 13,00 horas, se procede na Casa do Concello, á apertura das proposicións presentadas optando ao procedemento aberto referenciado.

O obxecto da reunión é dar a coñecer a ponderación asignada aos criterios non avaliábles en cifras ou porcentaxes segundo informe de avaliación asinado pola consultora contratada RG GESTIÓN Y ENERGÍA SLU.

A Mesa de Contratación por unanimidade consonte co informe sinalado, outorga as seguintes puntuacións:

1. ACEINSA MOVILIDAD S.A.: 18,80 puntos.
2. FERROVIAL ENERGÍA S.A.: 12,00 puntos.
3. SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.: 11,20 puntos.
4. SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.: 10,80 puntos.
5. TECUNI SAU.: 15,00 puntos.

A empresa ANEUM LED S.L. non se valorou por incumprimento dos requisitos formais de presentación esixidos polos pregos posto que a memoria descritiva das actuacións debía ter unha extensión máxima de 30 páxinas, segundo os pregos, e presentou dous documentos: un de 1.518 páxinas e outro de 172 páxinas, polo que ao non chegar ao umbral mínimo de 50UT de puntuación técnica para continuar no proceso de selección previsto nos pregos, queda rexeitada a súa proposición.

A continuación procedeuse á apertura do sobre ou arquivo electrónico núm. 3: criterios avaliábles en cifras ou porcentaxes, sendo as ofertas das empresas a seguinte:

| Empresa                                             | Oferta económica | Anos de telexestión gratuíta, sobre o primeiro ano establecido | Anos extra de garantía das luminarias sobre os cinco establecidos | Anos extra de garantía da instalación sobre o primeiro ano establecido |
|-----------------------------------------------------|------------------|----------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| ACEINSA MOVILIDAD S.A.                              | 2.469.065,83     | 4 anos                                                         | 5 anos                                                            | 4 anos                                                                 |
| FERROVIAL ENERGÍA S.A.                              | 2.147.464,73     | 4 anos                                                         | 5 anos                                                            | 4 anos                                                                 |
| SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A. | 2.407.890,88     | 4 anos                                                         | 5 anos                                                            | 4 anos                                                                 |
| SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.  | 2.286.864,10     | 4 anos                                                         | 5 anos                                                            | 4 anos                                                                 |
| TECUNI SAU                                          | 2.327.555,96     | 4 anos                                                         | 5 anos                                                            | 4 anos                                                                 |

Non atopándose ningunha oferta en baixa anormal ou desproporcionada, a Mesa de Contratación acorda solicitar informe da consultora contratada, suspendéndose o acto que continuará logo de que conste o informe solicitado.

Se reanuda a sesión da Mesa de Contratación as 12,10 horas do día 03.06.2025 e consonte co informe de avaliación da consultora contratada RG GESTIÓN Y ENERGÍA SLU, por unanimidade outorga as seguintes puntuacións:

| Empresa | Oferta | Anos de | Anos extra de | Anos extra |
|---------|--------|---------|---------------|------------|
|---------|--------|---------|---------------|------------|

|                                                           | económica | telexestión<br>gratuíta,<br>sobre o<br>primeiro ano<br>establecido | garantía das<br>luminarias<br>sobre os<br>cinco<br>establecidos | de garantía<br>da<br>instalación<br>sobre o<br>primeiro ano<br>establecido |
|-----------------------------------------------------------|-----------|--------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| ACEINSA MOVILIDAD S.A.                                    | 18,58     | 20                                                                 | 20                                                              | 20                                                                         |
| FERROVIAL ENERGÍA S.A.                                    | 20,00     | 20                                                                 | 20                                                              | 20                                                                         |
| SOCIEDAD ESPAÑOLA DE<br>CONSTRUCCIONES<br>ELÉCTRICAS S.A. | 19,39     | 20                                                                 | 20                                                              | 20                                                                         |
| SOCIEDAD IBÉRICA DE<br>CONSTRUCCIONES<br>ELÉCTRICAS S.A.  | 19,95     | 20                                                                 | 20                                                              | 20                                                                         |
| TECUNI SAU                                                | 19,86     | 20                                                                 | 20                                                              | 20                                                                         |

**En consecuencia as puntuacións totais das empresas e a súa clasificación é a seguinte:**

| Empresa                                                   | Criterios<br>subxectivos | Criterios<br>obxectivos | Puntuación total |
|-----------------------------------------------------------|--------------------------|-------------------------|------------------|
| ACEINSA MOVILIDAD S.A.                                    | 18,80                    | 78,58                   | 97,38            |
| TECUNI SAU                                                | 15,00                    | 79,86                   | 94,86            |
| FERROVIAL ENERGÍA S.A.                                    | 12,00                    | 80,00                   | 92,00            |
| SOCIEDAD IBÉRICA DE<br>CONSTRUCCIONES<br>ELÉCTRICAS S.A.  | 10,80                    | 79,95                   | 90,75            |
| SOCIEDAD ESPAÑOLA DE<br>CONSTRUCCIONES<br>ELÉCTRICAS S.A. | 11,20                    | 79,39                   | 90,59            |

Logo de comprobado no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público que a empresa ACEINSA MOVILIDAD S.A. está debidamente constituída, o asinante ten poder bastante para formular a oferta, ten a clasificación correspondente, non está incurso en ningunha prohibición de contratar, e as certificacións de estar ao corrente con facenda e coa seguridade social a través do Rexistro de Interoperabilidade de TEDEC, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

**1º)** Propoñer a adxudicación do contrato: MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED NO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE BRIÓN, á empresa ACEINSA MOVILIDAD S.A., con CIF: A84408954, polo prezo de: 2.469.065,83 euros, IVE incluído, cun prazo de execución de 8 meses, e consonte coa memoria descritiva das actuacións presentado, e coas seguintes condicións: -. Anos de telexestión gratuíta, sobre o primeiro ano establecido: 4.

-. Anos extra de garantía das luminarias sobre os cinco establecidos: 5. -. Anos extra de garantía da instalación sobre o primeiro ano establecido: 4; por considerar que presentou a mellor oferta en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos.

**2º)** Requerir á empresa ACEINSA MOVILIDAD S.A. para que presente, dentro do prazo de cinco (5) días hábiles a contar desde o envío da comunicación, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a seguinte documentación:

1-. A constitución da garantía definitiva polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 102.027,51 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e consonte o previsto nos pregos de cláusulas administrativas.

Se formulase a garantía definitiva a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha copia de dito aval, debendo entregar o aval orixinal na Tesourería municipal dentro do prazo para presentar a documentación.

2. Seguros: Póliza de seguro de Responsabilidade Civil.

3. Plan de igualdade: Al tener la empresa propuesta como adjudicataria 50 o más trabajadores, deberá presentar la documentación acreditativa de que dispone de un plan de igualdade inscrito en el Registro Laboral correspondiente, de conformidad con lo establecido en el artículo 46.2), 4) y 5) de la Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdade efectiva de mujeres y hombres.

Remata o acto sendo as 12,30 horas.™™

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da Mesa de Contratación nos seus propios termos.

2º) Do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de Servizos na primeira sesión que celebre para os efectos previstos no artigo no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

#### **SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González